

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 10:50 horas do día 20/09/21, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D^a NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARÍA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbbase, por unanimidade, a acta de 10/09/2021.

2.- DAR CONTA DO INICIO DA APERTURA E INICIO DAS DEPO_ESCOLAS 2020/2021.

Polo Presidente da Comisión dáse conta da aprobación por Resolución Presidencial nº 2021005320 de data 16 de setembro de 2021, das “Bases Depo_Escolas 2020/2021”, en colaboración e coordinación coas federacións deportivas para contribuír ao desenvolvemento e fomento da actividade deportiva en idade escolar.

Para este curso ofértanse 9 modalidades deportivas:

Atletismo, Baloncesto, Balonmán, Judo, Loita, Patinaxe, Piragüismo, Rugby e Taekwondo. O 1º prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO e o 2º prazo será dun mes a partir do 01 de novembro de 2021; e comezarán no mes de outubro ata o mes de maio.

Queda dada conta.

3.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10:55 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

